



FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO OLÍMPICO

Avd. Infanta Elena, S/N-Casa de Deporte

27003 Lugo

Teléfono: 982 240 241

Correo electrónico: galega@fegato.es



DEPORT
GALEGO

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA POLA QUE SE CONVOCAN AS ELECCIÓNS AOS ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN DA FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO OLÍMPICO 2026

D. **Julio Rivas Iglesias**, Presidente da Federación Galega de Tiro Olímpico, no exercicio das competencias que lle confiren os Estatutos da Federación Galega de Tiro Olímpico e de conformidade co disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, no Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se regulan os procesos electorais das federacións deportivas galegas, nos Estatutos da Federación Galega de Tiro Olímpico e no Regulamento Electoral aprobado pola Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o día 11 de abril de 2026 e ratificado pola Secretaría Xeral para o Deporte,

RESOLVO

Primeiro. Convocatoria das eleccións

Convócase o proceso electoral para a renovación dos órganos de goberno e representación da Federación Galega de Tiro Olímpico correspondentes ao período electoral 2026-2030, para a elección dos seguintes órganos:

- Asemblea Xeral.
- Presidencia.
- Comisión Delegada.

O proceso electoral desenvolverase conforme ao Regulamento Electoral aprobado pola Asemblea Xeral e ratificado pola Secretaría Xeral para o Deporte, así como ao Calendario Electoral igualmente aprobado e ratificado.

Segundo. Disolución da Xunta Directiva e constitución da Comisión Xestora

De conformidade co artigo 4 do Regulamento Electoral, desde a publicación da presente convocatoria queda disolta a Xunta Directiva da Federación Galega de Tiro Olímpico, asumindo as súas funcións a Comisión Xestora ata a toma de posesión dos novos órganos federativos.

A Comisión Xestora limitará a súa actuación aos actos de mera administración, conservación e xestión ordinaria da Federación, actuando con absoluta neutralidade durante o proceso electoral.



FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO OLÍMPICO

Avd. Infanta Elena, S/N-Casa de Deporte

27003 Lugo

Teléfono: 982 240 241

Correo electrónico: galega@fegato.es



DEPORTE
GALEGU

A Presidencia da Comisión Xestora corresponderá a:

D. Julio Rivas Iglesias, ata o momento en que, se é o caso, presente candidatura á Presidencia da Federación, momento no que cesará automaticamente, procedéndose á elección, entre e polos membros da Comisión Xestora, da persoa que deba desempeñar a súa Presidencia

A Comisión Xestora queda integrada polos seguintes membros, designados pola Xunta Directiva e pola Comisión Delegada segundo o acordo adoptado pola Asemblea Xeral Extraordinaria do día 11 de abril de 2026:

Designados pola Xunta Directiva

Titulares

- D. Gervasio Murado Linares
- D^a Nerea Murado Corredoira
- D. Arturo Rodríguez Lorenzo
- D. José Manuel Zas Cabarcos

Suplentes

- D. José Manuel Graña Álvarez
- D. Manuel Millán Míguez
- D. Manuel Ruibal Abilleira
- D. Ángel José González Araujo

Designados pola Comisión Delegada

Titulares

- D. Teodoro Álvarez Pereiras
- D. Manuel Rodríguez Reboredo
- D. Carlos Deco Menéndez
- D. Manuel Luis Torrón Puga

Suplentes

- D. Alfredo Cidre Chao
- D. José Luis Fernández Flores
- D. Carlos Marty Martínez
- D. Alfonso Herrero Núñez

Todo iso segundo o acordo adoptado pola Asemblea Xeral Extraordinaria de 11 de abril de 2026.



FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO OLÍMPICO

Avd. Infanta Elena, S/N-Casa de Deporte

27003 Lugo

Teléfono: 982 240 241

Correo electrónico: galega@fegato.es



DEPORTE
GALEGU

Terceiro. Xunta Electoral

O control, organización, supervisión e resolución das incidencias do proceso electoral corresponderán á Xunta Electoral da Federación Galega de Tiro Olímpico.

Queda constituída polos seguintes membros:

Titulares

- D^a Pilar Vidal Barrio
- D. Santiago Alonso de la Peña
- D. Guillermo Manuel Picón Iglesias

Suplentes

- D. Miguel Guerrero Vila
- D. Álvaro López Leiras
- D. Amadeo Marcos Rey

Correo electrónico oficial:

juntaelectoral2026@fegato.es

Sede: Casa do Deporte

Avenida Duquesa de Lugo s/n

27003 Lugo

A Xunta Electoral exercerá as competencias establecidas no artigo 5 do Regulamento Electoral.

Cuarto. Calendario Electoral

O proceso electoral desenvolverase segundo o Calendario Electoral aprobado pola Asemblea Xeral e ratificado pola Secretaría Xeral para o Deporte.

Quinto. Mesas Electorais

As votacións para a elección da Asemblea Xeral celebraranse o día **19 de setembro de 2026**, entre as **16:00 e as 20:30 horas**, nas seguintes sedes:

Mesa nº 1 – A Coruña

Campo de Tiro Olímpico Laracha

Lugar de Vilar da Fraga s/n

Mesa nº 2 – Lugo

Casa do Deporte



FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO OLÍMPICO

Avd. Infanta Elena, S/N-Casa de Deporte

27003 Lugo

Teléfono: 982 240 241

Correo electrónico: galega@fegato.es



DEPORTE
GALEGO

Avda. Infanta Elena – Duquesa de Lugo s/n

Mesa nº 3 – Ourense

Centro de Tiro Eiroás

Rúa dos Chaos nº 51

Mesa nº 4 – Pontevedra

Club de Tiro Olímpico Cernadiñas Novas

Lugar Filgueiranº 114

San Andrés de Xeve

As mesas electorais constituiranse conforme ao artigo 9 do Regulamento Electoral.

Sexto. Voto por correo

Os electores que desexen emitir o seu voto por correo deberán seguir o procedemento establecido pola Secretaría Xeral para o Deporte mediante o formulario normalizado correspondente, dentro dos prazos establecidos no Calendario Electoral. O procedemento de voto por correo iniciárase o día seguinte á publicación da presente convocatoria.

Sétimo. Publicidade

A presente convocatoria publicarase simultaneamente:

- no Taboleiro Oficial de Anuncios da Federación Galega de Tiro Olímpico;
- na páxina web oficial da Federación Galega de Tiro Olímpico, no apartado "**Proceso Electoral 2026**".

Así mesmo permanecerán expostos:

- Regulamento Electoral.
- Calendario Electoral.
- Censo Electoral Provisional.
- Resolucións da Xunta Electoral.
- Candidaturas.
- Actas e acordos electorais.

Oitavo. Entrada en vigor

A presente convocatoria producirá efectos desde a súa publicación no Taboleiro Oficial de Anuncios e na páxina web da Federación Galega de Tiro Olímpico.



FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO OLÍMPICO

Avd. Infanta Elena, S/N-Casa de Deporte

27003 Lugo

Teléfono: 982 240 241

Correo electrónico: galega@fegato.es



DEPORTE
GALEGO

Noveno. Recursos

Contra a presente convocatoria poderá interpoñerse recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, nos prazos e na forma previstos no Decreto 16/2018 e demais normativa aplicable.

En Lugo, 1 de xullo de 2026.

O PRESIDENTE DA FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO OLÍMPICO

Fdo.:D. Julio Rivas Iglesias